



fondo
galego




de cooperación e solidariedade

MEM-
ORIA
20
20

O FONDO GALEGO

Que é?

O Fondo Galego de Cooperación e solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro integrada por **98 concellos e as deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra**, que comparten un compromiso firme cos Dereitos Humanos e coa erradicación das desigualdades a nivel global. Na actualidade, o seu labor ten como folla de ruta a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados por Nacións Unidas, en base ao principio de “non deixar a ninguén atrás”.



O Fondo Galego é un espazo transparente e plural, inspirado pola vontade de consenso, cuxo traballo se estrutura en tres eidos: fortalecemento e acción institucional, sensibilización e comunicación, e cooperación internacional. Esta última área é a razón de ser da entidade, que desde a súa fundación en 1997 ten impulsado **máis de 170 proxectos de cooperación ao desenvolvemento e de axuda humanitaria en 32 países**, entre os que destacan Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú e, nos últimos anos, Mozambique. Auga e saneamento, vivenda, xénero, educación ou saúde son algúns dos sectores de actuación.

Precisamente **a pandemia da Covid-19 puxo de manifesto que o mundo está fortemente interconectado** e que os países deben traballar xuntos, mesmo no ámbito municipal, para superar as ameazas planetarias. Neste senso, a crise do coronavirus contribuíu a poñer en valor a solidariedade internacional desde o local, impulsada baixo a óptica da xustiza social e a responsabilidade das sociedades do Norte sobre a situación dos países do Sur. Unha situación que é posible mellorar apoiando o traballo a prol do desenvolvemento en cada territorio.

Fotografías: Fondo Galego

Edita: Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Sede do Fondo Galego: FEGAMP. Área Central, Rúa Varsovia, 4C - 6º, 15703 Santiago de Compostela
Tf: +34 981 555 999 / Fax: +34 981 565 203

Secretaría do Fondo Galego: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra
Tf: 986 84 34 36 ~ 698 144 536 / info@fondogalego.gal

Tiraxe: 350

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A


Deseño gráfico e diagramación: BREO.gal

Depósito legal: Vg. 276-2014



COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Apoiando a loita contra a Covid-19



En 2020 fíxose especial fincapé nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos países empobrecidos, en parte debido á situación de pandemia global, que puxo de relevo as desigualdades entre o Norte e o Sur, agravando a situación naqueles lugares onde o punto de partida era claramente desvantaxoso.

Impulsáronse tres proxectos de axuda de emerxencia no continente africano, dous en Mozambique e un en Guinea-Bissau, sendo a primeira vez que o Fondo Galego coopera de xeito directo neste último país. Así mesmo, tamén se promoveron dous proxectos de cooperación en Mozambique e a finais de ano abriuse a convocatoria de axudas para proxectos de cooperación ao desenvolvemento da man das ONGD con presenza en Galicia.

www.fondogalego.gal > Cooperación



Reforzo da capacidade de resposta á pandemia da Covid-19 na rexión de Cacheu. Guinea-Bissau

Parceiro local: Goberno Rexional de Cacheu ~

Actividades: Sensibilización da poboación sobre os perigos e mecanismos de prevención da Covid-19; identificación de familias vulnerables e adquisición, transporte e distribución de materiais e dispositivos de hixiene e alimentos ~ **Grupo beneficiario:** 43.000 persoas ~ **Axuda concedida:** 15.000€




Proxecto de emerxencia contra os impactos do coronavirus nos municipios mozambicanos

Parceiro local: Asociación Nacional dos Municipios de Mozambique (ANAMM) ~ **Actividades:** Adquisición de baldes con billas para colocar en mercados e morgues, adquisición de máscaras e xabón ~ **Grupo beneficiario:** 9 municipios con aproximadamente 10.000 persoas beneficiarias ~ **Axuda concedida:** 18.126,14€ ~ **Achega do Concello de Narón:** 12.000€



Promoción dos dereitos da infancia no medio rural dos distritos de Boane e Namaacha. Mozambique

Parceiro local: Fundação Encontro ~ **Actividades:** Sensibilización da poboación, funcionamento de 4 escolas infantís, alimentos para as nenas e nenos, construción dunha sala de atención sanitaria para saúde materno infantil ~ **Grupo beneficiario:** 1.813 persoas ~ **Axuda concedida:** 30.000€




Financiamento de equipamento informático para os municipios mozambicanos facer fronte aos impactos do coronavirus

Parceiro local: Asociación Nacional dos Municipios de Mozambique (ANAMM) ~ **Actividade:** Adquisición de 15 computadores ~ **Grupo beneficiario:** 14 municipios e a ANAMM ~ **Axuda concedida:** 10.679,16€



Proxecto de melloría de abastecemento de auga e electrificación pública no municipio da vila de Nhamatanda. Mozambique

Parceiro local: Municipio de Nhamatanda ~ **Actividades:** instalación do sistema público de abastecemento de auga en dous barrios e instalación da rede eléctrica noutros dous ~ **Grupo beneficiario:** 36.000 persoas ~ **Axuda concedida:** 35.000€



(Proxecto en curso ata xuño de 2021)

SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

A prol do desenvolvemento sostible

www.fondogalego.gal > Sensibilización

Campaña 'Os municipios cooperan'

Representantes das administracións locais socias do Fondo Galego e de catro países lusófonos uníronse na campaña #OsMunicipiosCooperan para reforzar a solidariedade internacional no contexto da crise xerada pola Covid-19. Un total de 27 voces de Mozambique, Cabo Verde, São Tomé e Príncipe, Guinea-Bissau e Galicia escóitanse nos catro vídeos difundidos a través das redes sociais, que acadaron 42.000 visualizacións, e das 25 cuñas emitidas na Radio Galega.



Curso 'Localizando a Axenda 2030'

Tras organizar un primeiro curso online na EGAP sobre os ODS nas entidades locais, o Fondo Galego puxo en marcha a súa propia plataforma de teleformación e lanzou a experiencia piloto 'Localizando a Axenda 2030: O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Vinte persoas políticas e técnicas dos concellos socios cursaron as 40 horas estimadas para os catro módulos semanais, impartidos por profesorado especialista.



Plans de implementación dos ODS

Co fin de favorecer a localización da Axenda 2030 nos concellos socios, o Fondo Galego apoiou a elaboración de tres plans para a implementación dos ODS en municipios de ata 15.000 habitantes. Recibíronse 16 solicitudes, das que resultaron seleccionadas Cabanas, Pontedeume e San Sadurniño.


A consultora Wayna encargouse tanto de elaborar os propios plans como os diagnósticos previos, a partir da análise de documentación e de metodoloxías participativas.



Certame 'Muros que unen III'

O III Certame de murais arredor dos ODS 'Muros que unen', financiado polo Concello da Coruña, bateu récords ao recibir 41 propostas de 34 artistas. Joaquim Oriols ('Riaq Miuq'), Delio Rodríguez e Doa Ocampo gañaron o concurso coas súas obras sobre o ODS 2: Fame cero, ODS 6: Auga limpa e saneamento, e ODS 7: Enerxía asequible e non contaminante. Os deseños plasmáronse na fachada do pavillón de Labañou para convidar a reflexión sobre estas temáticas.

Agás o concurso de murais, todas as demais actividades foron financiadas pola Xunta de Galicia a través do convenio anual asinado coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que tamén incluíu a elaboración da Axenda 2021 e de pins e pulseiras para difundir os ODS, así como a renovación da páxina web.



FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL

Medramos, participamos e representamos

Medramos!

O ano 2020 foi especialmente significativo para o Fondo Galego, dadas as transformacións internas. A finais do primeiro trimestre, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), organización impulsora da asociación municipalista que ocupaba a Secretaría da Comisión Executiva e se encargaba das funcións técnicas desde os inicios, deixou de formar parte como entidade socia do Fondo Galego. O novo marco legal influíu no modo de relacionamento entre ambas entidades, ante o cal o Igadi optou polo camiño por separado. A súa renuncia implicou **cambios no órgano de goberno do Fondo Galego** e a contratación de persoal propio, amais de acelerar a **adaptación dos estatutos** para acomodalos ao contexto actual e incorporar a linguaxe inclusiva. Estas cuestións foron aprobadas na Asemblea Xeral do 30 de xuño, unha das máis concorridas da historia da entidade –con 39 administracións locais participantes– e a primeira en realizarse de xeito virtual.

A nivel interno, e tamén para fomentar os procesos de participación e transparencia, celebráronse as **xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria**, que tiveron lugar de xeito presencial a comezos de marzo, cunha convocatoria por provincia, antes da declaración do estado de alarma. O seu contido centrouse na elaboración das liñas estratéxicas para o período 2020-2023.

Por outra parte, durante o 2020 tamén se traballou na creación dunha **nova páxina web**, en sintonía coas novas tendencias na comunicación dixital, co obxectivo de

que as e os internautas poidan acceder de forma rápida e intuitiva aos contidos desde calquera dispositivo, incluíndo algúns aspectos de relevancia como o portal de transparencia, alén de visibilizar os 23 anos de contribución á cooperación ao desenvolvemento.



Participamos!

Aludindo ao ODS 17: Alianzas para acadar os Obxectivos, o Fondo Galego aposta por potenciar o traballo conxunto, en sintonía e coordinación con outros axentes implicados na cooperación ao desenvolvemento, co fin de atopar sinerxías e traballar con maior eficacia para lograr metas comúns. Así, durante o 2020 o Fondo Galego fomentou a alianza coas seguintes entidades:



- **Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade:** O Fondo Galego asumiu en febreiro a Vicepresidencia. A unión e traballo conxunto dos nove Fondos existentes a nivel estatal resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista.
- **Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS:** Asinouuse o memorando de entendemento xunto con gobernos locais e rexionais de Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Portugal e São Tomé e Príncipe.

Alén disto, o Fondo Galego forma parte do **Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento** (Congacode) órgano de consulta e participación en materia de cooperación ao desenvolvemento a nivel autonómico, con dúas persoas representantes.

Representamos!

E, xa por último, pechamos esta peculiar anualidade recibindo o **Premio Consello Social UVigo-Humana**, o 18 de decembro, que recoñece o labor desenvolvido por persoas e entidades no eido da solidariedade e a cooperación.



INFORME ECONÓMICO

As contas claras


A anualidade 2020 reflicte novamente a **estabilidade da asociación municipalista en materia económica**. Alén dos ingresos que se acadan a través das cotas sociais, destaca o convenio que anualmente se asina coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, os convenios co Concello de Coruña e co Concello de Narón, e mais os ingresos procedentes dunha subvención da Comisión Europea, para a realización de proxectos de sensibilización en Galicia ou de cooperación ao desenvolvemento no caso do Concello de Narón.

Especial mención merece o **proxecto europeo People&Planet**, de catro anos de duración, e no que o Fondo Galego participa xunto con outras 18 entidades de 9 países diferentes. O proxecto virá a achegar ao Fondo Galego un importe anual de aproximadamente 120.000€. Se ben deu inicio no mes de novembro, polo que o maior ingreso producírase xa entrado o 2021.


Debido a que os recursos económicos xestionados polo Fondo Galego son na súa totalidade de orixe pública, é esencial dar conta rigorosamente da aplicación dos mesmos para protexer a boa xestión. Por este motivo, a Comisión Executiva, co apoio dunha asesoría externa, fai un seguimento continuado da aplicación dos fondos. Así mesmo, dúas persoas que conforman a Comisión Executiva da entidade (a vicepresidenta e o tesoureiro) xunto coa xerente, realizaron unha formación sobre a Lei de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

Pero, ademais, calquera administración local ou a propia cidadanía pode ter información sobre a xestión do Fondo Galego a través da páxina web ou contactando directamente coa nosa entidade.

En canto á transparencia, desde o ano 2017 a entidade vese afectada pola Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostemento Financeiro (BOE nº240 de 5/10/2012), pola que se establece a obriga de remitir ao Ministerio de Facenda e Administración Pública información de carácter económico-financeiro e de gastos de persoal. Deste xeito, o Fondo Galego rende contas de xeito mensual e trimestral ao Ministerio de Facenda, que controla as posibles desviacións.



- Cotas entidades sociais
161.129,38€
- Subvención Xunta de Galicia
60.000,00€
- Subvención Concello da Coruña
20.022,79€
- Subvención Concello de Narón
12.000,00€
- Subvención Comisión Europea
6.091,52€
- Reembolso Confederación de Fondos
1.315,33€
- Prestación de servizos
984,12€
- Bonificación formación
245,00€



- O **41,59%** para axudas de emerxencia e proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- O **38,57%** para gastos de funcionamento.
- O **16,07%** para actividades de sensibilización, formación e comunicación.
- O **2,78%** para actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais.
- O **0,99%** para imprevistos.

REMANENTE POSITIVO 2020:
7.424,59€





 **fondo
galego**
de cooperación e solidariedade

www.fondogalego.gal



comunicacion@fondogalego.gal

Tel. 986 843 436 ~ 698 144 536

Centro Cívico Sur ~ R. Luís Braille 40, 36003 Pontevedra



**XUNTA
DE GALICIA**



cooperacióngalega



CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade



**AXENDA
2030**